RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA POLA QUE SE ESTABLECEN INSTRUCIÓNS ESPECÍFICAS RESPECTO A DESIGNACIÓN DO PERSOAL ENCARGADO DE REALIZAR OS SERVIZOS MÍNIMOS, CONTROL E SEGUIMENTO DA FOLGA XERAL CONVOCADA PARA O 11 DE NOVEMBRO DE 2026

De conformidade co previsto na Orde do 6 de novembro de 2026 pola que se establecen os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 11 de novembro de 2026, ao abeiro da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, unha vez asumidas pola Xunta de Galicia as competencias en materia de persoal ao servizo da Administración de xustiza por virtude do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, e a teor do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o órgano encargado de exercer as competencias con respecto ao referido persoal é a Dirección Xeral de Xustiza. Así, en virtude das atribucións conferidas,

RESOLVO

Establecer, con carácter vinculante, as seguintes instrucións específicas respecto da folga convocada que se iniciará ás 00.00 horas do día 11 de novembro de 2026 e finalizará ás 23.59 horas dese mesmo día.

1º Información para o persoal que secunde a folga:

Non existe deber de comunicar, en ningún momento, a opción de secundar a folga. Con todo, e aos únicos efectos de realizar un adecuado seguimento desta, infórmase que o control realizarase a través da **plataforma KRONOS**. Así, o persoal que non fiche a entrada no día da convocatoria, entenderase, que salvo que teña algunha xustificación rexistrada, que secunda a folga.

Para o persoal que non dispoña de tarxeta identificativa, ou que por calquera circunstancia non poida fichar a través da plataforma kronos, deberá comunicar esa incidencia ao seguinte correo electrónico:

xuridico.rrll.xustiza@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 5G9k0uK0upg1 https://sede.xunta.gal/cve

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2ª planta
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546217

2º Establecemento de servizos mínimos:

Para facer efectiva a designación do persoal funcionario que debe prestar os servizos mínimos sinalados na Orde do 6 de novembro de 2026 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais ante a convocatoria de folga, establécese:

1. Con carácter xeral, cando haxa máis dunha persoa do correspondente corpo, así como no resto de supostos, para a designación das persoas encargadas de facer os servizos mínimos, seguirase un criterio de orde alfabética do primeiro apelido do persoal funcionario.

2. No caso de que os servizos mínimos correspondan tanto a unha persoa do corpo de xestión como do corpo de tramitación, atenderase ao criterio da letra establecido no punto 1 con independencia do corpo ao que pertenzan, e polo tanto, sen que teña preferencia o corpo de xestión sobre o de tramitación.

3. Esa persoa designada terá como persoal substituto/a, a seguinte persoa á que lle correspondería segundo o establecido no punto anterior, salvo o establecido no punto seguinte.

Así mesmo, en relación á organización do servizo:

– No caso de ausencias xustificadas do posto de traballo, a persoa designada será suplida pola seguinte persoa á que lle toque ser servizo mínimo.

O Director Xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

Asinado por: TRONCHONI ALBERT, JOSE FRANCISCO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 09/11/2026 09:16:59

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 5G8k0uK0upg1 https://sede.xunta.gal/cve

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2ª planta
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546217